

- E ti, como te sentiches cando te quitou o xoguete?
- Enfadado, porque quería xogar con el, e despois triste, cando aparecín aquí.
- Pois entender o que sentiches é o máis importante para usar a fórmula máxica- dixo Quirón- En lugar de acusar ao teu amigo e dicirlle “quitáchesme o xoguete!” podes usar outras palabras.

Draco púxose un pouco vermello recordando a súa reacción. Dáballe vergoña pensar que actuara así, e estaba disposto a arraxalo.

- Cales?
- Podes dicir: “non me gustou cando me quitaches o xoguete, porque estaba xogando con el”. Despois de dicir isto, tes que esperar a que o teu amigo che responda, sen interrompelo, para que podades falar do que pasou, e arraxalo entre os dous.

